



A CHICHARRA E A FORMIGA

A fábula é unha composición literaria que mediante unha ficción alegórica e a personificación de animais, obxectos ou ideas intenta darnos unha ensinanza práctica.

A súa orixe está en Mesopotamia e pasa Grecia a traveso de Asia Menor. A creación da fábula grega atribúese a Esopo, un personaxe do s. VI a. C. do que temos máis datos lendarios que obxectivos.

O caso é que as fábulas atribuídas a Esopo triúnfan en Grecia, triúnfan en Roma con Fedro e aumentan a súa popularidade na Europa medieval. No humanismo convértese en libros de textos das universidades españolas e xa nos séculos XVII e XVIII xurde unha nova concepción da fábula da man de La Fontaine, Samaniego ou Iriarte.

Unha das máis coñecidas é a chicharra e a formiga, da que imos dar varias versións.

Versión esópica (literal)

En inverno as formigas secaban o gran mollado. Unha chicharra famenta pediulles comida. As formigas dixéronlle: "¿Por que non colliches tamén ti a comida durante o verán?". A chicharra dixo: "Eu non folguei, senón que cantaba melodiosamente". Elas, rindo, dixéronlle: "Pois se en verán cantabas, baila agora"

A fábula mostra que un non debe descoidarse en ningún asunto, para non pasar penas e correr perigo.

Nota: Desconfiar das versións infantís onde as formigas se compadecen e dan unha lección de ética a chicharra acolléndoa no formigueiro. Quede claro que na auténtica versión esópica a formiga é claramente insolidaria.

Versión anticapitalista

No verán a formiga traballaba nun chiringuito de praia, nunhas condicións totalmente explotadoras: xornadas de 14 horas diarias sen día de descanso e vivindo en condicións insalubres en formigueiros superpoboados. A chicharra, que estaba cobrando o paro, dedicábase a tomar cervexas nas terrazas e a sacar uns euros extra nas verbenas do lugar cantando "Tengo una camisa negra..." e outros éxitos do verán.

No inverno á chicharra acabáronselle o paro e as verbenas, polo que acudiu onde a formiga, que agora

facía xornadas máis normais de traballo, para pedirlle uns euros prestados. A formiga díxolle: "Se buscases un curro na hostalería ou na construción, en vez de andar de verbenas, agora non estarías no paro". A chicharra respondeulle: "É que eu non traballo en semellantes condicións de explotación, miña señora, e ademais eu son unha artista". A formiga entón díxolle: "Artista, artista... ¡Pois logo vai comer arte!"

A fábula mostra que a clase traballadora que se somete ao sistema capitalista está alienada e é totalmente insolidaria.

Versión neoliberal ou consumista

No verán Xan estudiaba unhas oposicións ao grupo A da Xunta de Galicia. Mentres, Perillán tocaba a guitarra polas festas do lugar. No inverno Xan tomou posesión





ESOPO NO NOSO TEMPO

do seu novo posto de traballo e mercou un Ibiza (con pago ao contado, claro). Pero no inverno Perillán tamén mercou un Ibiza, porque co novo plano de financiamento de SEAT non fai falla queimar as pestanas nin ter un can.

A fábula mostra que, aínda que non traballes e non teñas un peso, non por iso tes que deixar de consumir. Consume por riba das túas posibilidades, non vaia a ser que o sistema se veña abaixo por culpa da crise.

(¡Ai se Esopo levantase cabeza!)


O DEPARTAMENTO DE GREGO



¿Pisos ou casas de bonecas?

Actualmente, seica se pode vivir nun piso de 50 m, por dicir que é un piso, porque parece unha casa de bonecas.

A cama terá que estar empotrada, porque se non, ¿por onde andamos?. Tamén será de uso individual, polo que non se lle ocorrerá a ninguén levar invitados, xa que quedaría mal. O baño seguro que será a todo luxo, haberá que entrar de lado e xa espido, porque non haberá sitio nin para espirse, a ducha será de pouco máis de unha cuarta, polo que haberá que ducharse por partes ou de puntillas, e iso si, que non se che ocorra estirar os brazos, porque quedarías entalado. Estas deben ser as comodidades de vivir só, seguro que ten ventás, pero



¿como? pois como a porta dun microondas, e para que che entre o aire terás que sacar a cabeza, porque non creo que entre moito por unha ventá tan "grande". Para comer, enriba da cama, ¿para que comprar unha mesa se non hai onde poñela?; e a

cociña, debaixo da ventá, para que escapen os fumes.

De verdade que toda persoa ten dereito a unha vivenda digna, pero con esta casa de bonecas, non creo que sexa a cousa moi digna, ¿ou que?

MÓNICA CARDELLE, B1C